

Septicemia

Na súa celebrada novela “Los detectives salvajes”, o escritor Roberto Bolaño di: “Es difícil contar esta historia. Parece simple, pero si rascas la corteza enseguida te das cuenta que es difícil. Todas las historias de allí son difíciles”. Lembreina hoxe ao chegar a casa, cando rematei o traballo e de súpeto chegaron imaxes do meu pequeno país sen estado.

Difícil é contar como de ser unha das zonas máis poboadas do estado pasamos a ser un país coa taxa de renovación xeracional menor de todo o estado español, como de exportar cereal para os exércitos do Imperio, pasamos a ter o agro a monte, sen mans para producir. Difícil explicar que tiñamos “un millón de vacas”, -o noso tesouro- e que agora temos metade, ao tempo o leite non dá o necesario. Difícil explicar que sendo o ar dos tempos recentes o benestar económico vexamos agora outra vaga de emigración, onde os poucos mozos que hai vense na obriga de saír a se procurar a vida fóra. Difícil que acollendo na nosa comunidade algunhas das fortunas maiores do mundo, estas non establezan un mecenazgo cultural para manter a lingua e a identidade do país (con certeza non o senten como propio).

Difícil que teñamos un goberno xusto e equitativo, que desenvolva o país sen entregar os seus recursos a quen de fóra ven a practicar o espolio sistemático. Difícil entender –se hai quen o entenda que dea unha pista- ese gusto das xeracións anteriores por secuestrar o uso da lingua propia en beneficio dunha lingua imperialista. Máis difícil de explicar aínda que haxa alguén, instruído e progresista, nacionalista declarado, que prefira o abandono do galego a prol de abrazar con relixiosa fe o cultivo cotiá do portugués, lingua tamén imperialista.

E triste tamén que rascando a codia semella que non hai solución á porta da casa, que os montes seguirán ardendo, os ríos fedendo a podre, os outeiros furados na procura de minerais milagreiros (para os petos foráneos, por certo), os rapaces do rural e dos barrios da periferia nadando en nubes de cocaína, xogando a ser pequenos heroes dos baixos fondos, as institucións en mans de pequenos mequetrefes sen raíces, e os aforros dunha vida nas mans de financeiros innobres, espoliadores de almas cándidas.


Todo iso é moito máis, que a pudor non dá para contar, acontece neste país difícil, de xente difícil e abundancia de gobernantes túzaros e ruíns empoleirados no poder. Non son un moralista, non crean, que moitos defectos tiven, teño e inventarei no futuro, mais a voráxine, ese monstro que medra na selva, tal parece que nos leva a un camiño de destrución.

U-lo lugar para a esperanza neste deserto ético, neste aniquilamento progresivo? Intúo que ten que existir, que é imposible que non exista. Como tamén intúo que se non hai unha limpeza radical dos ruíns, dos innobres, dos espoliadores, pouco ou nada vai sobrevivir. O remedio está aí, na limpeza sistemática, na eliminación de elementos patóxicos, e unha vez limpa, a sutura de feridas crónicas. Eu non teño a receita, senón xa a tería patentado, mais hai días nos que que contarlles o meu país aos colegas do escritorio (croatas, belgas das dúas bandas, gregos, irlandeses, italianos, alemáns, fineses, franceses e aínda galegos) cústame máis traballo. Daquela teño que recorrer a traducirles como podo a frase de Bolaño: “Todas las historias de allí son difíciles”.

Catastrofista? Pode ser. Todo agás conformista. Acabáronse os panos quentes. Toca a limpeza das feridas. Logo, xa se verá se o organismo consegue saír desta ou morre dunha septicemia.

Xavier Queipo

Bruxelas, novembro 2013



xavierqueipo.gal

xavierqueipo@hotmail.com